



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de marzo de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

TUCATINIB

en combinación con CAPECITABINA e TRASTUZUMAB para o tratamento de pacientes adultos con cancro de mama HER2-positivo localmente avanzado ou metastásico, sempre que cumpran os seguintes criterios:

- 1) Ter recibido polo menos **dúas liñas de tratamento anti-HER2 previo**.
- 2) Boa situación funcional (ECOG 0-1).
- 3) Non levar acumuladas doses de doxorubicina ≥ 360 mg/m² (ou equivalente de outras antraciclinas)
- 4) Non recibir terapia previa cun inhibidor da tirosinquinasa de HER2 ou lapatinib nos 12 meses anteriores.

En pacientes con estas características e **metástases cerebrais**, incluídas as metástases activas, a combinación con tucatinib é a **opción preferida** fronte a outras alternativas en terceira liña e seguintes.

Duración de tratamento:

A retirada do tratamento levarase a cabo cando se produza toxicidade inaceptable, haxa empeoramento do ECOG-PS ou cando se observe progresión da enfermidade segundo criterios RECIST.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde